

ALBERTO XESÚS BUSTO CAAMAÑO

Trompeta



Comeza os seus estudos de música en 1988 con tan so 8 anos e xa entre 1996 y 1998 pertenceu a Escola de Práctica Orquestral da Orquestra Sinfónica de Galicia e entre 1998-1999 a la Escola de Altos Estudios Musicais da Real Filarmonía de Galicia.

No ano 2005 e 2006 participou nos encontros das Orquestras dos Conservatorios Superiores de Galicia.

Cursou nos conservatorios de Santiago e Vigo, conseguindo o Título de Superior, especialidade trompeta, no ano 2007. En 2008 realiza el C.A.P. (curso de adaptación pedagóxica)

Asistiu a numerosos cursillos impartidos polos principais trompetistas do momento como poden ser: José Ramos Rodríguez, Hakan Handenberger, Bo Nilson, José Ortí, Benjamín Moreno, Esteban Batallan, Roberto Bodí, etc...

Asistiu a clases de trompeta con diferentes profesores, entre os que destacan: Jose Ramos Rodríguez, Javier Viceiro, Jose Vicente Simeó, John Aigi Hurn, Luis Amosa y Benjamín Moreno entre outros.

Na actualidade é o Director da Escola de Música Municipal de Cuntis. Profesor de trompeta na escola municipal de música de Meaño e director da Banda Xuvenil de Barro.

Imparte docencia na disciplina de trompeta na Escola Municipal de Arcade e na Escola de música de Portas. Tamén é profesor de trompeta, instrumentos de vento, música de cámara e informática musical na Escola CODA de Vilagarcía.

Durante os cursos 2009-2010 e 2010-2011 impartiu clases de trompeta no Conservatorio Profesional de Música de Ourense, e dirixiu a banda profesional de dito conservatorio levando a cabo numerosos concertos.

Dende 2007 colabora habitualmente coa Orquesta Ciudad de Granada. Tamén colabora coa Orquesta Filarmonía Cidade de Pontevedra, Orquesta Clásica de Vigo ou a Orquesta Lira de Pontevedra.

Actuou como invitado solista coa Orquesta Lira de Pontevedra, a Orquesta Clásica de Vigo, así como nas Bandas de Música de Santiago, a Coruña e Pontevedra.

É trompeta solista da Banda de Música de Pontevedra, da Banda Municipal de Catoira, e da Banda da Federación de Bandas Galegas, tamén é membro fundador do quinteto de metais "Mai's Brass"

NOTAS AO PROGRAMA

CONCERTO FOR TRUMPET AND BANDA

A. REED (1921 - 2005)

A arte de tocala trompeta comprende no mundo enteiro toda unha gama de estilos e de técnicas segundo o xénero de música que un queira interpretar. Esta situación enxendra unha nova xeración de trompetistas. A formación e experiencia destes con este novo método de aproximación á execución musical desencadeou unha verdadeira revolución da interpretación. Así pois, numerosos novos estilos musicais, cos cales nin sequera se soñaba hai pouco tempo, víronse tocar.

A presente composición está dedicada a un mozo virtuoso desta nova xeración de trompetistas, o mozo e talentoso músico que provén de Taiwan, Yeh-Shu-Han, solista primeiro na Orquestra Nacional de Taiwan. El xa realizara numerosas gravacións co seu propio grupo, sendo un solista de reputación internacional.

As cinco partes deste concerto, todas concebidas nun estilo diferente, que permiten tocar ao solista con tres instrumentos diferentes; a trompeta, a corneta e o fliscorno.

A obra é unha demostración das posibilidades dun trompetista moderno que chega a realizar unha fazaña contundente en cinco estilos musicais totalmente diferentes. A primeira parte "Sonate" está escrita nun estilo neoclásico típico que nos permite escoitar ao solista coa trompeta. Na segunda parte "Slow Blues" intervén o fliscorno; a terceira "Jazz Waltz" está escrita para corneta; a cuarta parte "Song", un arranxo moderno dunha antiga canción folclórica de Taiwán, onde o solista volve á trompeta; a quinta parte "Samba" pecha o concerto con un resplandecente fogo de artificios de ritmos e cores latinoamericanos.

O "Concerto para Trompeta (corneta e fliscorno) e Banda" foi interpretado por primeira vez en Taichung, despois en Taipei e en Hong Kong, respectivamente o 5, 6 e 12 de abril de 1996 con Yeh-Shu-Han como

solista. E o propio Alfred Reed dirixiu estes concertos, os dous primeiros a cargo da Banda Nacional Júnior de China e o terceiro pola Banda da Academia das Belas Artes de Hong Kong.

Alberto Xesús Busto Castaño

CADROS DUNHA EXPOSICIÓN M. MUSSOROSKI (1839 - 1881)

Mussorgski é, sin ningunha dúbida, a personalidade máis orixinal da xeneración de músicos rusos posteriores a Glinka. Despois de rematar a ópera *Boris Godunov*, a principios do ano 1874, o compositor síntese inclinado a compoñer para piano o que sería un reflexo do visto -ou maxinado- na exposición que o seu admirado Vladimir Stassov iorganizou para lembrar a obra dun amigo de ambos os dous, o pintor e arquitecto Viktor Hartmann, na Academia de Belas Artes de San Petersburgo (primavera de 1874).

En poucas semanas, Mussorgski completara a idea. Publicada en 1886 (cinco anos logo da morte do autor, e dedicada a Stassov), non tardaría en coñecer as primeiras orquestracións -que tal era o seu carácter sinfónico-, a cargo dalgúns plumas ilustres, como Rimsky, Tchumaloz, Liadov, Howarth, Wood, Leonardi, Cailliet, Stokowsky, Goehr ou máis recentemente, Vladimir Ashkenazy. Pero sen dúbida, a preferida é a levada a cabo por Ravel (1922), un encargo de Serguei Koussevitzky, orquestración que se escoitará hoxe en adaptación para banda, de Ton van Grevenbroek.

A obra está conformada por dez episodios cuxos títulos concordan cos cadros de Hartmann, que van unidos por un intermezzo (Promenade) que suxire o lento paseo do autor pola exposición .e que tamén servirá como introdución. O autor imaxina un percorrido entre os lenzos, ata deterse naqueles que máis chaman a súa atención. Musicalmente, a trompeta será a introductora do percorrido, ofrecéndose-nos distintas perspectivas sonoras do mesmo, non só nesta presentación, senón ao longo do percorrido, repetíndose ata catro veces, variado sustancialmente.

1. Gnomo: enano vacilante de pernas tortas.

Mussorgski, alternando os compases de cinco por catro e seis por catro, consegue crear a impresión do andar pesadísimo e desgarrado da grotesca figuraña.

2. O vello Castelo: Evocación dunha paisaxe italiana. Un trovador canta ante as murallas dun castelo medieval, expresado pola voz doce e patética do saxofón alto.

PROGRAMA

I

* NIMROD

(de "Variaciones Enigma")

E. Elgar (Transc.: A. Reed)

* CONCERTO FOR TRUMPET AND BAND

A. Reed

1. Sonata
2. Slow Blues
3. Jazz Waltz
4. Song
5. Samba

Trompeta solista: **Alberto Xesús Busto Castaño**

II

CADROS DUNHA EXPOSICIÓN M. Moussorgski (Transc.: T. van Grevenbroek)

1. Paseo 1
2. Gnomo
3. Paseo 2
4. O vello Castelo
5. Paseo 3
6. Tullerías
7. Bydlo
8. Paseo 4
9. Ballet dos polos e galos
10. Samuel Goldenberg e Schumuytle
11. Limoges: O mercado
12. Catacumbas
13. Cum Mortuis in Lingua Mortua
14. Baba Yaga (A cabana sobre patas de galiña)
15. A gran Porta de Kiev

*Interpretada por primeira vez poa BMC

Nota: polo ben de todos prégame desconecten os móbiles durante o tempo do concerto. Grazas



3. Tuileries: Describe a presenza dun grupo de nenos e de dúas niñeras, cuxo bullicio inunda o túnel formado polas árbores nos xardíns do famoso Palacio de París.

4. Bydlo: Un abalo se lentifica na pintura dunha carreta polaca de bois coas súas rodas enormes. O entonan a corda e a madeira grave nun ritmo obsesivamente regular, sobre o que a tuba (o carreteiro) canta unha pesante e melancólica canción de claras referencias folklóricas rusas.

5. Baile dos políños no cascarón: Esbozo de Hartmann para a decoración dunha escena do ballet Trilby, na cal os alumnos da escola dramática presentábanse como políños dentro do cascarón. Gráciles mordentes, expresivos contratempos ou a certa elección tímbrica de instrumentos como o fagot, son elementos que serven para traducir o ambiente "familiar" en que se atopan os políños.

6. Samuel Goldenberg e Schmuyle: Diálogo entre dous xudeus do ghetto de Varsovia, un rico e outro pobre. O primeiro aparece retratado baseándose nunha auténtica melodía do acerbo tradicional xudeu, con toda a madeira ao unísono. Fronte a ela, unha trompeta con sordina entona un canto suplicante con notas repetidas que se van arredillando, mentres os rápidos mordentes acentúan os sollozos do postulante que, por non ter, nin sequera posúe unha textura que lle acompañe, se non é unha madeira espida e circunspecta.

7. Mercado de Limoges: Mulleres que charlan, critican e rifan no mercado da Praza de Limoges. Ravel entende rápidamente o carácter introductorio do primeiro compás, e asígnao ás trompas, que nos situarán directamente no concorrido mercado, para o que Mussorgsky aclara no seu manuscrito como o de "os mellores chismes de Limoges".

8. Nas catacumbas: Tan só unha treintena de compases conforma un cadro sepulcral, construído sobre longos acordes tidos dotados dun marcado carácter. Ravel asigna a esta enorme carga espectral toda a potencia do metal e a madeira coa corda grave, sobre a idea do cadro na que aparecía o pintor autorretratándose no interior das catacumbas de París, alumado por unha linterna, á procura dos osarios que Víctor Hugo retrata en "Os Miserables". Unha trompeta "a só" irrompe en escena, debuxando a única melodía como tal do pasaxe, enchendo de incerteza e misterio a escena.

9. A cabana de patas de galiña: A figura da bruxa Baba-Yaga asustou a xeracións enteiras de nenos rusos, co seu tétrica cabana en forma de reloxo construída sobre as patas dunha galiña. Esta idea de elevación, seica de abismo, o seu voo a través da noite... todo parece estar implícito nunha música

que ten moito de telúrico e ancestral. Na versión orquestral, Ravel enfatiza esta idea mediante o uso da percusión. A aparición dun tema de certa entidade nas trompetas, diríamos que de natureza fanfárrica, dá un ton épico e triunfal a este episodio fantasmagórico. Tras el, os saltos característicos transfórmanse en cascadas que se afunden en sons cada vez máis profundos (por descenso cromático no metal), ata que unha distinguible transición condúcenos ao segundo tema, que Ravel non dubida asignar ao fagot, con contrabaixos en pizzicato e sobre o debuxo fluctuante e envolvente da frauta, á que se lle irán sumando outros instrumentos para recrear o "tribalismo máxico".

10. A gran porta de Kiev: Para rematar, o cadro de maior poder sonoro, vistosidade e, ao parecer, un dos favoritos de Mussorgsky. Aínda que para que todo non sexa un alarde de forza épica, inclúese unha referencia á música rusa que é o coral ortodoxo, con ese aire inequívocamente modal e recolleito. A Porta dos Bogatyri ou heroes de guerra, en Kiev, un proxecto no estilo ruso antigo macizo, con cúpula en forma de casco recibe aos exércitos triunfantes. En realidade, a corpulencia acórdica do tema principal correspóndese coa simbólica sublimación zarista do proxecto de Hartmann. Ás dinámicas crecentes da versión pianística engádese o uso de todo o groso orquestral, campás incluídas, ata chegar ao paroxismo sonoro.

TEMPADA 2013-2014

PALACIO DA ÓPERA

Ciclo Inverno-Primavera

Xaneiro 2014

Domingo 19 - 12.15 h.

Febreiro 2014

Domingo 2 - 12.15 h.

Domingo 23 - 12.15 h.

Marzo 2014

Domingo 2 - 12.15 h.

Domingo 16 - 12.15 h.

Domingo 30 - 12.15 h.

Abril 2014

Domingo 13 - 12.15 h.

Domingo 27 - 12.15 h.

PALACIO DA ÓPERA


19 DE XANEIRO - 12.15 H.

DIRECTOR:

JOSÉ LUIS REPRESAS

**TEMPADA
2013/2014**

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en banda@coruna.es



**BANDA
MUNICIPAL DE
MÚSICA
DA CORUÑA**



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**